Os valores na Educación Física

Alicia Dios Diz....Mestra EF

Estamos nun momento no que a E.F. non é tan só actividade física ou coñecemento do corpo, senón que na sociedade na que vivimos, se fai necesaria para traballar aspectos de actitude ante os problemas cos que se enfrontan os alumnos.

Como é lóxico hai que traballar os aspectos aptitudinais a nivel de conceptos, traballando os 5 bloques de contido que reflexa o Decreto:

1. O corpo: imaxe e percepción.
2. Habilidades motrices.
3. Actividades físicas artístico-expresivas.
4. Actividade física e saúde.
5. Xogos e deportes.

Nestes bloques intégranse os conceptos, procedementos e actitudes que son prioritarios na E.F., xa que o carácter motriz da área implica un nivel determinado de práctica.

Pero estamos nun momento no que os nenos e nenas lles costa entender que non teñen que competir por todo senón que teñen que cooperar, traballar en equipo… e iso as veces, pola presión que exerce a sociedade sobre eles se lles esquece. Lle damos, máis importancia á competición, que a participación e a aprendizaxe en valores que cara a vida, deben ter estes aspectos.

O que de verdade importa son os rapaces e rapazas que temos nas aulas, conseguir que as pequenas rutinas cotiás , sirvan coma aprendizaxe de valores e conceptos básicos : afianzar distintos hábitos de hixiene, traballar o respecto, a tolerancia, a cooperación…todo iso que se aparta un pouco do traballo físico e se acerca ó obxectivo didáctico da educación en valores.

É dicir acercar os temas transversais que tanta importancia teñen dentro do curriculo, o día a día. Dunha maneira natural, tanto na E.F. coma no resto das materias. Isto será posible se toda a comunidade educativa e os pais, se involucraran dunha maneira definitiva na difícil tarefa de preparar os nosos nenos, para que se convertan en adultos iniciados na complicada tarefa de convivir.

Indiscutible é a misión que ten a escola á hora de educar en coñecementos e promocionar o saber intelectual, pero debemos volver o momento no que o profesor ademais de ensinar, tamén era o cicerone que amosaba a vivir a través da súa experiencia, e no que os nenos aprendían na escola a ver ós demais coma compañeiros, participes todos dunha experiencia vital máis ala da pura competición.

CONSELLOS LOGOPÉDICOS

1. Non imitar a nena ou neno cando falen mal. Ainda que pareza gracioso.



2. A partires dos 18 meses de edade, evite que tomen o leite en biberón e empregue o chupete, pois con isto deformase o paladar e os dentes.

3. A partires dos 18 meses de edade, deben tomar a alimentación como o resto da familia, non feito puré, xa que a masticación desenrola a musculatura da boca e, por tanto mellora a súa linguaxe.

4. As mostras de cariño, amor, afecto, axudan a un mellor desenrolo da linguaxe .

5. Cara ós catro anos as nenas e os nenos deben falar correctamente, como un adulto, ainda que lle serán difíciles as palabras que conteñan <pr>, <br>, <pl>, <bl>, ou que conteñan o <r> forte. Se ós seis anos continuan estas dificultades sería o momento de consultar co tutor ou co especialista.



6. Se a súa filla ou fillo frecuentemente está distraido, repite constantemente "¿qué?" cando se lle fala, ou fala nun ton excesivamente alto ou baixo, é aconsellábel que consulte se hai un problema de audición (tapón de cerume, hipoacusia, etc...).

7. Realice cos seus fillos xogos de soplar, inflar globos con palliña, pitos, trompetas, xogos de pompas de xabón, soplar velas, mistos, etc.

8. Estimule a linguaxe constantemente: falelle moito, contelle contos, resposte ás suas preguntas, cantelle cancións, etc.



9. Falelle á súa filla ou fillo pronunciando craro e ben, mirandolle á cara, xa que aprenden a falar imitando.

10. Premiar ao neno cando fale ben, correxilo cando cometa erros, pero non ridiculizalo ou comparalo con outros nenos ou irmáns.

Coñecemos as flores

Hoxe veu o pai de Yoel, ensinouinos flores moi bonitas. Algunhas que coñecíamos e outras non. Díxonos que lle picou un cactus, que os cactus tiñan sugas nas follas e que había un que era como unha pelota de fútbol.

Ademais contoumos historias das plantas; a min chamoume a atención o do feito porque dixo que era moi antiga, da época dos dinosaurios.

Trouxo tipos de plantas: hebe, lavanda, orella de rato... e unha chamábase Callistemum e dicía que se lle chamaba limpalotellas porque tiña a forma dese obxecto.

Aprendemos moito todos! e démolle ao pai de Yoel un aplauso moi forte.